

## DOCUMENTO DE POSICIONAMENTO CONXUNTO SOBRE O PARQUE AMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA (OURENSE)

En base ó documento presentado a estes grupos ecoloxistas por membros da Consellería de Vivenda e Solo, titulado: “*Estudio de Viabilidade dun Parque empresarial en Carballeda de Avia*”

### 1- LUGAR DE UBICACIÓN

O ámbito de actuación do citado parque afecta a **núcleos de poboación** situados a menos de 2000 metros, concretamente a nove localidades e un total de 1269 persoas, incumplindo así o *Decreto 2414/1961 de 30 de novembro* polo que se aproba o “Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas”, xa que, segundo a única información sobre o tratamento do lixo da que dispoñen os grupos asinantes deste documento, que se corresponde coas declaracións do Conselleiro de Medio Ambiente Francisco Vázquez que datan do venres 2 de marzo de 2007, neste parque trataranse sustancias así categorizadas pola lista europea aprobada pola [Decisión 94/904/CE](#), do Consello, de 22 de decembro, de acordo có apartado 4 do artigo 1 da [Directiva 91/689/CEE](#) de residuos perigosos como son determinados aceites, ácidos, bases, disolventes, que o Conselleiro cita nas súas declaracións.

Polo tanto os grupos abaixo asinantes afirman que a ubicación do “parque medioambiental” non é a adecuada.

No referente o tema de augas, os grupos ecoloxistas asinantes, non poden aceptar a instalación dun complexo de semellantes características porque:

- No hipotético caso dun verquido accidental, independentemente do abastecemento de Ribadavia o cal se pode revisar segundo consta no estudo de viabilidade, os ríos Maquiáns, Avia e Miño poden chegar a ter un problema real de contaminación das augas, afectando pola súa proximidade (apenas 1100 m), a praia fluvial de A Veronza (desembocadura do Maquiáns). Segundo consta no estudo de viabilidade; “A maioría do terreo do ámbito de actuación verte o río Maquiáns”.
- O municipio de Ribadavia ten a súa captación de auga para o consumo no río Maquiáns, polo tanto consideramos descartada a posibilidade de abastecer ó parque, do mesmo xeito tamén consideramos inaceptable verter pola mesma razón. No hipotético caso, recollido no estudo de viabilidade referente a unha nova captación para o consumo de Ribadavia, subliñar que o río Maquiáns é o único que garante a calidade das augas sendo o único que carece centrais hidroeléctricas existentes ou de futura construción (río Outeiro-Brull). Polo tanto

consideramos de uso prioritario (recollido na lei de augas) o abastecemento dende Maquiáns.

Por ambos motivos apelamos ó **Principio de Precaución**, recomendando un estudo a fondo no referente á captación, abastecemento e depuración de augas para un polígono co que a demanda crecerá enormemente.

## **2- INVERTIR EN REDUCCIÓN**

Os grupos abaixo asinantes acordaron solicitar un apoio real á procedementos e proxectos encamiñados a redución de residuos, favorecendo un investimento en redución a partir de que se marquen obxectivos cualitativos de Redución de Residuos no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.

## **3- DESCENTRALIZACIÓN PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS**

Os grupos abaixo asinantes queren, de novo, instar a estas Consellerías a revisar o sistema de xestión de residuos para Galicia, solicitando a descentralización polo menos para os RSU.

## **4- ASISTENCIA Á REUNIÓN COAS CONSELLERÍAS DE VIVENDA E SOLO E MEDIO AMBIENTE.**

Os grupos abaixo asinantes **esiximos** que, na xuntanza coa Consellería de Vivenda ou coa Consellería de Medio Ambiente, que **o primeiro punto** sexa a **presentación do novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza (PXRSUG) e o papel que este Parque vai ter dentro del**. Nesta exposición deberase incluír **información real** sobre as fraccións a xestionar no Parque e os tratamentos e tecnoloxías que se van desenvolver nel..

Pensamos que este estudo de viabilidade non é representativo xa que está feito sen ter en conta cantidade, tipo, etc de residuos e tecnoloxías a tratar e utilizar.

Por este motivo solicitamos unha **moratoria** deste proxecto ata ter aprobado (despois dun proceso participado) o PXRSUG.

### **ASINAN:**

Amigos da Terra  
Adega  
Coto do Frade  
Federación Ecoloxista Galega  
Verdegaia  
Ridimoas  
Foro Social "Temos dereito a Saber"